



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Estancias Prácticas IV	Código	653G01304	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rosende Celeiro, Iván de	Correo electrónico	ivan.de.rosende.celeiro@udc.es	
Profesorado	Cabarcos Dopico, Vicente Cortés Cabeza, Inés Germán Abad, Tatiana Hervás Del Valle, María Carmen Paredes López, Vanesa Rosende Celeiro, Iván de Ruiz Virumbrales, Jorge	Correo electrónico	v.cabarcosd@udc.es ines.cortesc@udc.es tatiana.german.abad@udc.es carmen.hervas@udc.es vanesa.paredes@udc.es ivan.de.rosende.celeiro@udc.es jorge.ruiz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende, mediante prácticas diarias dirixidas, desenvolver habilidades que permitan ao alumnado comprender e aplicar as destrezas e coñecementos vinculados coa práctica clínica e/ou comunitaria da terapia ocupacional no eido das persoas adultas con discapacidade de carácter físico, neurolóxico ou sensorial.</p> <p>Descritor: Estadías prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de terapia ocupacional, traballando axeitadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e competencias propias desta profesión en distintos entornos, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poboacións.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Desenvolver as habilidades prácticas necesarias para poder desempeñar actividades profesionais como terapeuta ocupacional: segundo o estadio de aprendizaxe e de acordo ás competencias seleccionadas. En definitiva, ampliar os coñecementos e a capacidade para aplicar: a teoría e a práctica da terapia ocupacional, e as ocupacións terapeuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A5 A9 A15 A21 A22 A24	B6	C1 C4 C6
Observar, analizar e reflexionar sobre a relación terapéutica en terapia ocupacional. Á súa vez, desenvolver a capacidade para unha comunicación efectiva coas persoas usuarias dos servizos de terapia ocupacional, familiares, grupos sociais e outras/os profesionais; a capacidade para establecer unha relación de empatía coas persoas usuarias, familiares, grupos sociais e outras/os profesionais; e a capacidade para permitir que as persoas usuarias e as persoas encargadas do seu coidado expresen as súas preocupacións e intereses.	A17 A18	B5 B7	C1
Observar, identificar, analizar e reflexionar sobre o perfil das persoas usuarias dos servizos de terapia ocupacional.	A6 A12 A13	B1	C1 C4
Observar, identificar, preparar, analizar e reflexionar sobre técnicas e estratexias empregadas na práctica da terapia ocupacional.	A9	B5 B18 B29	C6



Desenvolver razoamentos e habilidades de orde superior no xuízo profesional e na toma de decisións.	A10 A14	B9	C4 C6
Desenvolver habilidades de exploración dos recursos de investigación en apoio á investigación e á practica baseada na evidencia.	A13 A28	B22 B24	C1 C4
Dar a posibilidade ao alumnado de ser un(ha) profesional autónoma/o que valora a súa contribución ao equipo e ao servizo.	A16 A19 A31	B4	C1 C4 C6
Inculcar unhas habilidades para a "aprendizaxe ao longo da vida" e un desenvolvemento profesional continuo; e un recoñecemento da importancia destes.	A20	B6	C1 C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. O proceso de intervención da terapia ocupacional no eido das persoas adultas con discapacidade física, neurolóxica ou sensorial. Estadías prácticas altamente dirixidas por terapeutas ocupacionais docentes ou titoras/es dos centros conveniados. Nivel intermedio.	Aplicación de teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de terapia ocupacional, traballando axeitadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias desta profesión no eido das persoas adultas con discapacidade física, neurolóxica ou sensorial.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5 C6 C7	6	0	6
Estudo de casos	A9 A10 A13 A14 A15 A16 A19 A20 A22 A28 A31 B4 B9 B18 B22 B24 C1 C6 C7	20	10	30
Portafolios do alumno	A5 A13 A14 A20 A22 A24 A28 A31 B1 B4 B18 B22 B24 C1 C6 C7	1	13	14
Prácticas clínicas	A6 A9 A10 A12 A13 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A24 A28 A31 B1 B4 B5 B6 B7 B9 B18 B24 B29 C4 C6 C7	80	0	80
Recensión bibliográfica	A5 A13 A14 A20 A22 A24 A28 A31 B4 B18 B22 B24 C1 C4 C6 C7	1	9	10
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	<p>Trátase de actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con esta metodoloxía, preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.</p> <p>Esta metodoloxía comprende, entre outras accións, a(s) reunión(s) de organización previa que se desenvolvan de forma previa ao comezo das Prácticas clínicas, na(s) cal(es) se comunicará a distribución do alumnado nas diferentes quendas e recursos de prácticas que se oferten na materia.</p>
Estudo de casos	<p>Consiste nunha metodoloxía onde a persoa se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo, a través dun proceso de discusión. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da práctica profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>
Portafolios do alumno	<p>É un cartafol ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado nun período de tempo determinado, cos comentarios e cualificacións asignadas polas/os docentes ou titoras/es, o que permite visualizar o seu progreso. O portafolios inclúe todo o que fai cada estudante, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso realizados polas/os docentes ou titoras/es, etc.</p>
Prácticas clínicas	<p>O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que o alumnado observa e participa en actividades clínicas deseñadas para proporcionarles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma.</p> <p>As Prácticas clínicas serán realizadas en todos aqueles centros conveniados coa Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña, que teñan relación co eido das persoas adultas con discapacidade de carácter físico, neurolóxico ou sensorial.</p> <p>A asistencia ás Prácticas clínicas é obrigatoria. No caso de que a/o estudante non poida acudir puntualmente algún día, segundo o calendario de prácticas establecido, deberá comunicalo tanto ao centro conveniado como ao profesor responsable da materia, sempre que sexa posible de forma previa. Posteriormente, deberá achegar o xustificante correspondente.</p>
Recensión bibliográfica	<p>A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, un artigo, unha tese ou unha comunicación a un congreso. Como tal proceso, comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación coa literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do seu contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica e científica é a crítica que merece a xuízo da persoa autora da recensión, en relación con outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación coa súa propia experiencia.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Portafolios do alumno Prácticas clínicas Actividades iniciais Recensión bibliográfica	<p>A atención personalizada farase mediante titorías individualizadas ou en grupo reducido (segundo as necesidades do alumnado), en modalidade presencial ou virtual (a través da aplicación Teams).</p> <p>Estas titorías levaranse a cabo previa solicitude do estudiantado interesado, ou a petición do profesorado da materia se o considera preciso, sendo programadas nun horario consensuado co equipo docente, que non interfira en ningún caso co propio desenvolvemento da materia ou coa asistencia e participación do alumnado nas restantes materias do título nas cales estea matriculado.</p> <p>Ademais, tamén se brindará atención personalizada mediante o correo electrónico e a través dos foros ou a opción de mensaxe privada do Campus Virtual.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Estudo de casos	A9 A10 A13 A14 A15 A16 A19 A20 A22 A28 A31 B4 B9 B18 B22 B24 C1 C6 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), as destrezas e coñecementos adquiridos, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razoamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.	20
Portafolios do alumno	A5 A13 A14 A20 A22 A24 A28 A31 B1 B4 B18 B22 B24 C1 C6 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), as destrezas e coñecementos adquiridos, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razoamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.	15
Prácticas clínicas	A6 A9 A10 A12 A13 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A24 A28 A31 B1 B4 B5 B6 B7 B9 B18 B24 B29 C4 C6 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a puntualidade, a responsabilidade, a iniciativa, o interese, a actitude ante as normas, a relación coas persoas usuarias, a relación co equipo de profesionais, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos previamente adquiridos, e a adquisición de novas destrezas e coñecementos. A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria. As ausencias xustificadas ás prácticas clínicas deberán ser comunicadas ao centro conveniado e ao responsable da materia, sempre que sexa posible de forma previa. Posteriormente, deberase achegar o xustificante correspondente.	60
Recensión bibliográfica	A5 A13 A14 A20 A22 A24 A28 A31 B4 B18 B22 B24 C1 C4 C6 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), as destrezas e coñecementos adquiridos, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razoamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.	5

Observacións avaliación



O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE nº 224 de 18 de setembro de 2003), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente/Matrícula de honra (Graciable).

A efectos desta materia, considerarase como Non presentado (NP) ao alumnado que non participe na totalidade de actividades de avaliación continua, tendo en conta as condicións que figuran a continuación.

Para superar a materia, cada estudante debe participar activamente en todas as metodoloxías propostas, asistindo de maneira obrigatoria ao total de horas de Prácticas clínicas (salvo ausencia debidamente xustificada), e entregando todos os traballos solicitados (Estudo de casos, Portafolios e Recensión bibliográfica). Ademais, deberá acadar unha nota global mínima de 5 puntos, e ter superadas, como mínimo, as metodoloxías de Prácticas clínicas e Estudo de casos. Para iso, será necesario ter unha cualificación mínima de 3,5 puntos (sobre 6) na metodoloxía Prácticas clínicas e unha cualificación mínima de 1 punto (sobre 2) na metodoloxía Estudo de casos. En caso contrario, non se sumarán nin serán tidas en conta as notas das restantes metodoloxías (Portafolios e Recensión bibliográfica), e a cualificación global da materia corresponderase coa nota obtida na(s) metodoloxía(s) suspensa(s).

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (febreiro) pola ausencia non xustificada ou o suspenso das Prácticas clínicas, non se poderá superar a materia na segunda oportunidade (xullo), e a/o estudante terase que presentar na seguinte convocatoria, ao tratarse de actividades que, pola súa natureza, non son recuperables na segunda oportunidade (tal e como recollen as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña).

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (febreiro) pola falta de entrega ou o suspenso dos traballos correspondentes ás metodoloxías Estudo de casos, Portafolios e/ou Recensión bibliográfica, a/o estudante terá que repetir a entrega do(s) traballo(s) suspenso(s) ou non presentado(s) na segunda oportunidade (xullo).

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académico? rexeranse dacordo coa normativa académica vixente da UDC.

Segundo a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña, cando un(unha) estudante da asignatura teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, terá dereito a elixir de maneira preferente quendas e grupos de prácticas, entre os distintos horarios e rotatorios que se oferten na materia.

O docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou en outros aspectos da materia, que serán notificados ao estudantado coa suficiente antelación.

Fontes de información

Bibliografía básica	A bibliografía de referencia desta materia dependerá das especificacións das/os docentes ou titoras/es, terapeutas ocupacionais, de cada centro de prácticas. Como orientación xeral, recoméndase a consulta das fontes de información referenciadas na guía docente da materia ?Terapia ocupacional para a autonomía persoal no adulto con discapacidade física?.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Procesos de Terapia Ocupacional/653G01204
Ergonomía, Accesibilidade, Deseño Universal e Adaptación Funcional/653G01206
Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia/653G01207
Terapia Ocupacional, Técnicas Ortoprotésicas e Desempeño Ocupacional/653G01208
Estancias Prácticas II/653G01210
Estancias Prácticas III/653G01211

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Rehabilitación no Adulto con Discapacidade Física/653G01302
Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no Adulto con Discapacidade Física/653G01303

Materias que continúan o temario



Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no adulto con Disfunción na Saúde Mental/653G01306

Estancias Prácticas V/653G01307

Observacións

1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

a.- Na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.

b.- De realizarse en papel: Non se empregarán plásticos. Realizaranse impresións a dobre cara. Empregarase papel reciclado. Evitarase a impresión de borradores.

2.- O docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao alumnado matriculado coa suficiente antelación.

3.- Para a correcta planificación das Estadías Prácticas, realizaranse, segundo o calendario oficial da Facultade, varias reunións de coordinación académica: Actividades iniciais: Establecemento de grupos de prácticas e distribución de quendas e rotatorios. Reunión do coordinador da materia co alumnado matriculado para a presentación dos recursos de prácticas e organización dos grupos de estudantes. Coordinación das estancias prácticas: Encontro entre o coordinador da materia e as/os docentes e titores/as terapeutas ocupacionais dos recursos de prácticas, de forma previa ao seu comezo e de forma posterior.

4.- Normas mínimas: O estudiantado deberá cumprir unhas normas xerais básicas de uniformidade, identificación persoal, puntualidade e respecto ás persoas usuarias, profesionais e instalacións dos recursos de prácticas. Ademais, deberánse respectar as pautas mínimas específicas que cada centro estableza para o correcto desenvolvemento das estadías prácticas.

5.- O docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos ou exames. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente cualificación de suspenso '0' na materia, na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á oportunidade extraordinaria.

6.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías